



Luns  
03  
FEBREIRO

## Festas Barrio de Sar

Casiano Mouriño, director  
13 h Praza da Colexiata

## Novos Intérpretes:

Élégie para Violonchelo de Fauré  
Ana Relova, violonchelo  
Casiano Mouriño, director  
12 h Teatro Principal

Domingo  
09  
FEBREIRO

## Concerto didáctico: Concerto con Fusión

BMSC & Píscore

Pepe Varela, Diego Rosal,  
Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas, percusión  
Casiano Mouriño, director  
10 h e 12 h Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

Xoves 13  
Venres 14  
FEBREIRO

## Concerto en Familia

BMSC & Píscore

Pepe Varela, Diego Rosal,  
Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas, percusión  
Casiano Mouriño, director  
18.30 h Teatro Principal

Sábado  
15  
FEBREIRO



facebook.com/BandaMunicipal  
SantiagoCompostela/

twitter.com/BMSCompostela



COMPOSTELA Cultura  
www.compostelacultural.gal  
www.auditoriodegalicia.org

TEMPORADA 2019 / 2020

# Ciclo de Inverno

“En tempo cos ventos”



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA  
*Santiago*

## Concerto á Carta

Casiano Mouriño Maquieira, director

Domingo 02 de febreiro de 2020

12 h Teatro Principal





### *Ad libitum*

A diferenza doutras agrupacións musicais, nas bandas de música ten especial relevancia o aspecto social. O sentimento de implicación e pertenza da banda ao pobo e viceversa, así coma tamén a solicitude, opinión ou crítica no que respecta ao repertorio, reflíctese como unha constante ao longo da historia, quedando vestixios tan significativos como os que seguen.

O primeiro que nos ven á mente está recollido na entrañable obra de **Pérez Lugín**, La casa de la Troya (1915). Nas súas páxinas concretase que a «banda de música do Hospicio, sempre executaba o mesmo escollido programa, sen deixar de inscribir nel unha soa tarde o pasodobre Manolé e o Preludio e escena do terceiro acto de Lohengrin».

A música popular e os bailables (pasodobres, xotas, valeses...) terán gran acollida; ao igual que a música escénica de óperas e zarzuelas. Sen ir máis lonxe, na década dos anos 20, asístese a certos cambios no repertorio cara a inclusión de obras máis modernas procedentes do continente americano como eran os fox-trot ou mesmo os tangos. A prensa denunciará: «Notamos dalgún tempo aquí, por parte dos señores directores de Bandas e orquestras da localidade, certo desdén ou esquecemento daquela música netamente nacional, que con unánime aplauso e indiscutible éxito, cultivaron Barbieri, Arrieta, Bretón, Chapí, Chueca, Caballero, Jiménez e outros máis que no momento non lembramos, cuías vibrantes e típicas composicións, son a manifestación viril e xenuína da alma española» (El Compostelano, 7-8-1923).

Outra das grandes obras que resoan con forza e orgullo ao longo da historia da Banda Municipal de Santiago é a abertura Tannhäuser de Wagner; e, por suposto as partituras dos grandes sinfonistas, coma Borodín, que coas súas Danzas Guerreiras se presenta a banda á cidade tras o período de crise e reorganización que acaeceu nos primeiros anos da década de 1930 e coa que gañará o primeiro premio no certame de bandas de Ourense en 1933.

Este feed-back e o gusto do público nunca debora ser alleo á agrupación, nin estar en desacordo coa versatilidade de estilos e repertorios que a banda alberga. Benvinda, pois, esta iniciativa de “Concerto á Carta” que xa a levará a cabo a banda aló por xaneiro de 2007 dándolle voz ao venerable en homenaxe.

## PROGRAMA

### I

Antonio ÁLVAREZ (1867-1903)  
**SUSPIROS DE ESPAÑA**, Pasodobre (1902)

Franz von SUPPÉ (1819-1895)  
**CABALLERÍA LIGERA**, Abertura (1866)

Reveriano SOUTULLO (1880-1932) e Juan VERT (1890-1931)  
**LA LEYENDA DEL BESO**, Selección da Zarzuela (1924)

### II

Ennio MORRICONE (1928-)  
**MOMENT FOR MORRICONE**, The Good, The Bad and The Ugly (1966)

Johannes BRAHMS (1833-1897)  
**DANZA HÚNGARA, Nº 5** (1869)

Gustavo FREIRE (1885-1948)  
**¡AIRIÑOS AIRES!**, Rapsodia galega (1930)

Gerónimo GIMÉNEZ (1854-1923)  
**LA BODA DE LUIS ALONSO**, Intermedio (1897)